

CRITERIOS ACTUAIS E OFICIAIS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE (SERGAS) PARA A REALIZACIÓN O TEST DO CORONAVIRUS

Ante as dúbidas da poboación sobre cando se realiza ou non o tet do coronavirus, mostramos cales son os criterios actuais e oficiais do Sergas para a súa realización.

Na situación actual, tratarase como posible caso de COVID-19 a todo doente cun cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de calquera gravidade.

Tomaranse mostras para confirmar o caso nos supostos seguintes:

- ✓ Pacientes con IRA (Infección Respiratoria Aguda) que estean hospitalizados ou que cumpran criterios de ingreso hospitalario.
- ✓ Pacientes con IRA de calquera gravidade que pertencen a algún dos seguintes grupos:
 - persoal sanitario e sociosanitario
 - outros servizos esenciais (policía, bombeiros...)
- ✓ Pacientes con IRA que non cumpren criterio de ingreso hospitalario e que pola súa situación poderían beneficiarse de saber que a IRA se debe a SARS-CoV-2:
 - persoas con patoloxías de base: diabetes, enfermidade cardíaca ou respiratoria, alteración da coagulación, inmunosupresión, disfunción renal ou hepática, hipertensión arterial.
 - persoas de 70 ou máis anos de idade.
 - persoas que residen ou ingresan nun centro sociosanitario.
 - persoas transplantadas.
 - embarazadas.
- ✓ E, temporalmente, doentes con IRA de calquera gravidade que nos 14 días previos ao inicio dos síntomas:
 - tiveron contacto estreito^[1] cun caso probable^[2] ou confirmado^[3] de COVID-19.
 - estiveron nalgunha das áreas de risco que se viñan empregando ata agora.

[1] **Contacto estreito:** quen, **despois de que o caso do que é contacto iniciase os síntomas:**

a) coidouno sen utilizar as medidas de protección axeitadas (familiares, amigos, sanitarios)

b) estivo no mesmo lugar e a menos de 2 metros del (conviventes, visitas...). En principio, neste segundo suposto considerárase de baixo risco, agás se estivo exposto máis de 15 minutos.

[2] **Caso probable:** caso posible no que os resultados de laboratorio para SARS-CoV-2 non son concluíntes ou son positivos só para unha das PCR do criterio de laboratorio empregado para definir caso confirmado.

[3] **Caso confirmado:** caso posible no que a PCR de *screening* é positiva e a PCR de confirmación nun xene alternativo ao de *screening* tamén é positiva.

- *Estes protocolos son actualizados periodicamente. O actual é do día 24 de marzo.*

- *A realización dos tests (se a persoa entra nos supostos arriba explicados) non é sempre inmediata, pois depende da dispoñibilidade de persoal e material para realizalos.*

- *Os Médicos de Familia envíanlle a M. Preventiva diariamente listaxes de pacientes que cumpran os criterios propoñéndoo para realizar o test, pero é M. Preventiva quen ten que aceptar a proposta e decidir cando e como será realizado.*